

#concellos galegos, promotores de igualdade

Cara a este oito de marzo a ONU emprega a pandemia como claro exemplo do valor das mulleres no futuro da humanidade, pero tamén como evidencia da persistente discriminación e vulnerabilidade que sofren por mor do seu xénero.

Dunha parte, a maior rapidez e éxito na resposta á pandemia de Alemania, Dinamarca, Etiopía, Finlandia, Islandia, Nova Zelandia ou Eslovaquia, países todos eles dirixidos por xefas de goberno, acadaron o recoñecemento da comunidade internacional e puxeron baixo os focos a eficacia do liderado feminino.

Na batalla sobre o chan as mulleres levaron máis peso, en tanto que son maioría no persoal sanitario e que, froito da desigualdade, asumen unha carga moito maior no coidado dos menores e persoas dependentes. Por outra banda, cómpre sinalar que as medidas para conter o coronavirus xeraron circunstancias que agravaron a maior das crueldades do machismo, a violencia sobre as mulleres.

Dende a súa orixe, a humanidade ten unha gran conta pendente co xénero feminino en materia de xustiza social. O traballo remunerado -inda con contas pendentes como a brecha salarial ou o teito de cristal-, o voto, o acceso aos estudos, a patria potestade, a independencia económica, a eliminación do delito de adulterio... Cada dereito adquirido polas mulleres tivo que vencer a oposición dun patriarcado contrario a renunciar á súa situación dominante.

Hai un par de meses a Federación Galega de Municipios e Provincias publicou o primeiro estudo sobre o sistema galego de atención á muller que amosa falla de medios e deficiencias asistenciais. As melloras políticas e normativas son fundamentais para avanzar, pero para acadar a igualdade real é imprescindible a vontade social de cambiar as cousas. E a xeración desa vontade precisa de máis acción que o clamor de un día. A mensaxe do 8M debe estar presente nas consciencias e accións de todas as persoas, entidades e institucións día tras día. Sempre.

Nese punto, en tanto que administración pública e máis próxima á cidadanía, os concellos temos unha grande responsabilidade e potencial á hora de modelar unha sociedade evolucionada e progresista. Como entidade que agrupa todas as voces do municipalismo galego, a Fegamp manifesta o compromiso das entidades locais galegas coa defensa e fomento da igualdade entre homes e mulleres, o 8M e os restantes trescentos sesenta e catro días do ano. As mulleres contan coa nosa determinación para priorizar e promover en todos os eidos aos que poidamos chegar as políticas e medidas que contribúan a establecer esa xustiza social, especialmente aquelas que traballen na concienciación de cada un dos nosos veciños e na axuda a cada unha das rapazas e mulleres para que, en igualdade de oportunidades e condicións que os homes, poidan ocupar na sociedade o lugar que lles corresponde por dereito propio e que non é outro que o que elas desexen.

Accións que comezamos por nós mesmos ao aplicar o “decálogo pola igualdade” elaborado pola Fegamp en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que convidamos a seguir:

1. **Empregar** linguaxe libre de connotacións sexistas
2. **Integrar** a perspectiva de xénero nas nosas decisións
3. **Difundir** unha imaxe non sexista da muller
4. **Traballar** na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova
5. **Fomentar** a ética e a co responsabilidade nas tarefas e no coidado tanto de menores como de persoas dependentes
6. **Identificar e emendar** as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres
7. **Respectar** a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal
8. **Promover** unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal
9. **Rexeitar** a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller
10. **Prestar especial atención** ás mulleres en situación de vulnerabilidade